

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE ABRIL DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de abril de dous mil dezaoto ; as dez horas e vinte e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e seis de marzo de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

**-SOLICITUDE DE DIVISIÓN DA OBRA PROMOVIDA POR CONSTRUCCIONES
LA PLAZUELA SAU CARA A ESTRADA DE FRANCELOS EN DÚAS FASES**

Con número de rexistro de entrada no concello 265 de 16 de xaneiro de 2018, don Martín Pontes González , en representación de Construcciones La Plazuela SAU, expón que “ la empresa Construcciones La Plazuela SL, , única propietaria del edificio objeto de este expediente y ante la necesidad de resolver el acceso a los garajes del edificio situado en la Avenida de Redondela nº 25, también promovido y ya terminado por esta empresa, con fundamento en los apartados 1,2 y 3 del artículo 358 del Reglamento de la Ley del Suelo de Galicia, solicitamos la división de la obra de la carretera de Francelos en dos fases, la fase 1ª que comprenderá el garaje del edificio y el portal de acceso a los garajes de los dos edificios y la fase 2ª que comprenderá el resto de la obra.”

E solicita “ que, previos los informes que procedan por el concello se conteste a este requerimiento en el sentido positivo al mismo y por lo tanto se me dé la opción de presentar el fin de obra parcial y proceder al uso de los sótanos de aparcamiento de las dos edificaciones”

Visto o informe emitido con data de 7 de marzo de 2018 pola técnico de Medio Ambiente e Urbanismo e polo Secretario da Excma Deputación Provincial no que se indica:

“ Para o edificio sito na Avda Francelos : Das opcións reguladas no artigo 358 do Regulamento :

-Alínea 1ª: Dos datos aportados parece que esta edificación conta con licenza para proxecto básico. Aínda que o regulamento non estableza nada ao respecto , o lóxico é interpretar que as distintas fases nas que se desenvolva o proxecto básico de edificación constitúan unha unidade funcional directamente utilizable. Os servizos técnicos deberán comprobar este extremo antes de autorizarse a división por fases do proxecto básico de edificación.

-Alínea 2ª e 3ª Non é posible outorgar licenza de primeira ocupación parcial xa que a planta de garaxe de edificio e portal de acceso aos garaxes non é un edificio ou portal completo.

-Alínea 4ª Tendo en conta os datos con que se conta , non é posible outorgar licenza de ocupación parcial ou utilización limitada por non estar o edificio rematado.”

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal de data 2 de abril de 2018 no que se indica :

“ conclusión.

Tal e como se sinala no escrito presentado , solicítase a división en dúas fases da obra da edificación da Estrada de Francelos nº6 coa finalidade de tramitar as correspondentes licencias de primeira ocupación parciais.

Infórmase desfavorablemente xa que non se trata de edificios ou portais completos, polo que non serían susceptibles de obtención de licenzas de primeira ocupación parcial segundo se recolle no artigo 358 .Licenzas por fases ou parciais do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.”

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

-Denegar a solicitude de división da obra da edificación da Estrada de Francelos nº 6 , promotora Construcciones La Plazuela SAU, en dúas fases , a fase 1ª que comprendería o garaxe do edificio e o portal de acceso aos garaxes dos dous edificios e a fase 2ª que comprendería o resto da obra, polos motivos transcritos expostos no informe xurídico do Secretario da Deputación de data 7 de marzo de 2018 e no informe técnico da arquitecta municipal de data 2 de abril de 2018.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil autorizando a colocación dunha pérgola na zona de policía da marxe dereita do río Miño (embalse de Frieira) en Francelos.

.5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

-CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA MANTEMENTO DE CAMPOS DE FUTBOL NO 2018, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 12 de marzo de 2017, “Aprobación, se procede, da convocatoria dos programas subvencións para o 2018 a entidades deportivas para mantemento de campos de fútbol.

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

- Aprobar a convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol para o ano 2018 polo procedemento de concorrencia competitiva.
- Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol para o ano 2018.
- Autorizar o gasto por importe de 3300 € con cargo ao vixente orzamento municipal.
- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

-Informe de Aqualia sobre as accións levadas a cabo fronte a non aptitude rexistrada no auga de suministro municipal.

-Informe de Aqualia en relación a requerimento de información formulado pola Confederación Hidrográfica Miño Sil.

-CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS NO 2018, POLO PROCEDIMIENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 12 de marzo de 2017, “Aprobación, se procede, da convocatoria dos programas subvencións para o 2018 a entidades deportivas.

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

- Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades deportivas para o ano 2018 polo procedemento de concorrencia competitiva.
- Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para o ano 2018.
- Autorizar o gasto por importe de 7000 € con cargo a partida 2017/448.00 341 do vixente orzamento municipal.
- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e trinta e seis minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO